

CAMPIONATOS PROVINCIAIS DE OURENSE 2024

Organizador do torneo: Federación Galega de Xadrez

Colaboradores: Clube Xadrez Ourensán Universitario (XOU)

Datas: 21, 27 e 28 de xaneiro de 2024, 3 e 4 de febreiro de 2024.

Lugar de xogo: Edificio de Facultades, 32004, Ourense. Aula 1.5.

Categorías:

Sub - 08 "Promesas": nados nos anos 2016 e posteriores

Sub - 10 "Benxamíns": nados nos anos 2014 e 2015

Sub - 12 "Alevíns": nados nos anos 2012 e 2013

Sub - 14 "Infantís": nados nos anos 2010 e 2011

Sub - 16 "Cadetes": nados nos anos 2008 e 2009

Sub - 18 "Xuvenís": nados nos anos 2006 e 2007

Absoluto: nados nos anos 2005 e anteriores.

Os xogadores dunha determinada categoría teñen a posibilidade de participar, tamén, en categorías superiores á súa.

Se nalgunha categoría non hai 6 participantes, agruparanse as categorías segundo o artigo 59.2.1 do Regulamento Xeral de Competicións da FEGAXA.

Sistemas de xogo*:

Para a totalidade dos torneos a disputar o sistema utilizado será o sistema suízo holandés a 5 roldas. En tódolos casos empregarase o programa de emparellamento VEGA.

Nos campionatos de categorías Sub-8, Sub-10 e Sub-12 o ritmo de xogo será de 30 minutos a finish (ritmo de xogo rápido). Nos campionatos de categorías Sub-14 e Sub-16 o ritmo de xogo será de 45 minutos a finish (ritmo de xogo rápido). No campionato de categoría Sub-18 o ritmo de xogo será de 60 minutos a finish (ritmo de xogo lento). No campionato absoluto o ritmo de xogo será de 60+30 (ritmo de xogo lento). Este último será valedeiro para ELO FIDE de partidas lentas.

** A organización resérvase o dereito de modificar o número de roldas segundo o número final de inscritos en cada categoría. Calquera cambio será anunciado con suficiente antelación na páxina web da Federación Galega de Xadrez.*

Calendario de competición:

Categoría Sub-8

Rolda 1	Domingo 21	09:00
Rolda 2	Domingo 21	10:00
Rolda 3	Domingo 21	11:00
Rolda 4	Domingo 21	12:00
Rolda 5	Domingo 21	13:00

Categoría Sub-10

Rolda 1	Domingo 28	16:00
Rolda 2	Domingo 28	17:00
Rolda 3	Domingo 28	18:00
Rolda 4	Domingo 28	19:00
Rolda 5	Domingo 28	20:00

Categoría Sub-12

Rolda 1	Domingo 21	16:00
Rolda 2	Domingo 21	17:00
Rolda 3	Domingo 21	18:00
Rolda 4	Domingo 21	19:00
Rolda 5	Domingo 21	20:00

Categoría Sub-14

Rolda 1	Domingo 28	11:00
Rolda 2	Domingo 28	12:30
Rolda 3	Domingo 28	16:00
Rolda 4	Domingo 28	17:30
Rolda 5	Domingo 28	19:30

Categoría Sub-16

Rolda 1	Domingo 21	11:00
Rolda 2	Domingo 21	12:30
Rolda 3	Domingo 21	16:00
Rolda 4	Domingo 21	17:30
Rolda 5	Domingo 21	19:00

Categoría Sub-18

Rolda 1	Sábado 27	09:00
Rolda 2	Sábado 27	11:00
Rolda 3	Sábado 27	13:00
Rolda 4	Sábado 27	16:30
Rolda 5	Sábado 27	18:30

Categoría Absoluta

Rolda 1	Sábado 3	11:00
Rolda 2	Sábado 3	16:00
Rolda 3	Sábado 3	19:00
Rolda 4	Domingo 4	11:00
Rolda 5	Domingo 4	16:00

Inscripcións: poderá formalizarse a inscrición de xogadores a través do correo xouajedrez@gmail.com indicando nome completo, categoría, clube ao que pertence e código FIDE ata:

- Categoría sub-8, sub-12 e sub16: o 14 de xaneiro.
- Categoría sub-10, sub-14 e sub-18: o 21 de xaneiro.
- Categoría absoluta: o 28 de xaneiro

Poderán participar os xogadores federados na tempada 2024 en clubs da provincia de Ourense, que teñan nacionalidade española, bandeira deportiva FIDE española e sexan seleccionables por Galicia.

Existe a posibilidade de solicitar byes de 0 puntos antes do comezo da primeira rolda.

Desempates:

1. Enfrontamento directo
2. Buchholz mediano *
3. Buchholz -1 *
4. Buchholz total (BH) *

* No referente ás partidas non disputadas, e a efectos de cálculo de desempate, aplicarase a modalidade de Baku 2023 da FIDE.

Tempo de espera: en tódolos casos decrétese un tempo de espera de media hora antes de declarar a partida perdida por incomparecencia.

Director do Torneo: Manuel Arias Estévez

Arbitro principal: AF Juana María Martínez Fernández

Árbitros auxiliares:

- AA en prácticas, Adrián González Maestro

- AA en prácticas, Miguel Reza Salgado

Comité de apelación: antes do comezo da primeira rolda formarase o comité de apelación para a categoría absoluta. Estará formado polo árbitro principal do torneo, e dous xogadores elixidos por votación, tendo preferencia os que sexan árbitros coa licencia en vigor na FEGAXA.

Premios: para os tres primeiros clasificados de cada categoría.

Aceptación: os delegados de cada club e os xogadores inscritos, autorizan á organización do torneo á difusión de información ou á utilización de imaxes ou do nome do equipo e os dos seus xogadores nos medios de comunicación ou en publicidades e memorias da competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria aos seus intereses, e sempre dentro do marco legal que se fíxa no Código Civil, na Lei de Enxuízamento Civil e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

Modificación das bases: as bases destes campionatos poden ser modificadas durante o transcurso dos mesmos se as circunstancias así o requiren. De ser ese o caso, os cambios serán anunciados no taboleiro de información dos torneos.

CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

A inscrición neste torneo implica a aceptación das bases do mesmo, así como a autorización expresa á organización para empregar os vídeos, imaxes e demais material audiovisual que involucre ao participante, coa finalidade de difundir e publicitar o campionato e os seus resultados a través de redes sociais, páxinas web ou medios de comunicación.



DEPORTE
GALEGO



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ